

Callobre, punto de inicio do longo camiño da historia onomástica de Santiago de Compostela

Juan Carlos Búa Carballo

Universität Leipzig

Resumo: *Callobre* é un topónimo prelatino que en Santiago de Compostela se conservou como nome dunha rúa. Xunto con outros nomes idénticos galegos pertence ao grupo dos topónimos latinos en *-bre*, antigos en *-bris*, que proceden probablemente do celta **brig-* ‘monte, castro’. Unha pequena variante sería o topónimo medieval *Caliabri(g)a* que se debe situar pola zona fronteiriza entre A Guarda e Salamanca. Na zona do Tambre deben localizarse as *civitates* romanas dos *célticos praestamarcos* e *supertamarcos*. Tradicionalmente situáronse ao sur e norte do Tambre respectivamente, pero distintos argumentos falan a favor de que máis ben se deban localizar no curso baixo e alto do río. *Callobre* está nunha zona intermedia, pero posiblemente xa dos *supertamarcos*. Atopa uns bos *aequabiles* formais e etimolóxicos nos topónimos franceses *Chaillouvre(s)* e *Chaliouvre*, próximos a Lión. O máis probable é que se trate de compostos con primeiro elemento **calio-* ‘pedra’, conservado no francés antigo e en distintas áreas dialectais modernas (*chail*), ao par do que tamén existe **calia* ‘lugar pedroso’ (*chaille*) polo Franche-Comté e Suíza, que, pola súa banda, podería estar no medieval *Caliabri(g)a*. O significado de *Callobre* <

Abstract: *Callobre* is a pre-Latin place name that was preserved as a street name in Santiago de Compostela. Together with other identical Galician names, it belongs to the group of toponyms ending in *-bre*, formerly *-bris*, which probably come from the Celtic **brig-* ‘hill, hillfort’. There is also a medieval variant *Caliabri(g)a*, which was located in an unknown place between A Guarda and Salamanca. In the River Tambre area, there were Roman *civitates* of the *Celtici Praestamarci* and *Supertamarci*. Traditionally, they are located to the south and north of the Tambre respectively, but different arguments suggest that they should in fact be found in the lower and upper reaches of the river. *Callobre* is located in an intermediate area, possibly belonging to the *Supertamarci*. Linguistically, it finds a very good *aequabile* in the French place names *Chaillouvre(s)* and *Chaliouvre*, near Lyon. These are most likely to be compounds with the first element **calio-* ‘stone’, preserved in Old French and in different modern dialectal areas (*chail*). A variant **calia* ‘stony place’ appears in Franche-Comté and Switzerland (*chaille*), which can also be found in our medieval *Caliabri(g)a*. The meaning of *Callobre* < **Calio-bri(g)-* may be ‘monte Pedroso’, one of the modern names of one of the mountains near Santiago.

* Este traballo forma parte do proxecto de I+D+i *Toponimia de Galicia e Portugal* (PID2020-114216RB-C61), integrado no proxecto coordinado *Toponomasticon Hispaniae*, financiado polo MCIN/ AEI/10.13039/501100011033/.

**Calio-bri(g)*- pode que fose ‘monte Pedroso’, coma o actual orónimo próximo a Santiago.

Palabras chave: toponimia, linguas prerromanas da Península Ibérica, linguas célticas, lingüística indoeuropea, historia antiga.

Key words: Toponymy, pre-Roman languages of the Iberian Peninsula, Celtic languages, Indo-European linguistics, ancient history.

1.

A cidade de Santiago de Compostela xurdiu na caeira occidental dunha das prolongacións meridionais dun pequeno promontorio dominado polo monte da Almáciga e contornado polos vales e valgadas dos converxentes ríos Sarela e Sar.

A parte alta da zona vella está recortada polas costas dun xeito máis abrupto, como ben se percibe na vista e nas pernas cando se sobe por exemplo dende o parque de Belvís pola rúa das Trompas ata a igrexa de San Fiz de Solovio, mentres que a cidade descende máis progresivamente cara ao Sarela con amplos relanzos, especialmente na zona da catedral por onde precisamente atopamos os primeiros vestixios de asentamento humano, xa de época romana.

Non houbo na zona alta ningún castro a pesar do nome da rúa do Castro (Suárez 2004, pp. 261-262), que, como se observa noutros lugares (García Arias, s.v. *castru*), debeu usarse aquí tamén como designación dun “outeiro de difícil acceso polas condicións naturais do lugar”.

Tense especulado moito coa posibilidade de que a mansión viaria *Asseconia* da vía XIX estivese situada aquí ou nas súas proximidades.¹ Lamentablemente desta vía, que ía de Braga a Astorga pasando por Iria e Lugo, non sabemos con seguridade por onde discorría entre estas dúas últimas cidades e por tanto se realmente pasaba por Santiago ou non. Está claro en todo caso que *A Sionlla*, con variante *Sioña* na pronunciación local, non vén de *Asseconia* nin dunha hipotética forma orixinal *Assegonia*, como se ten proposto (Monteagudo García 1951, p. 215) e servíalle de apoio lingüístico á tese de situar este lugar en Santiago, dado que a documentación medieval o imposibilita (a. 747 *riiulo discurrente Salaonia* [...] *sancto Iuliano de Silaonia* no Testamento maior de Odoario do

1 Esta mansión aparece mencionada no *Itinerario de Antonino* 430,5, no *Anónimo de Rávena* 321,6 e no *Itinerario de Barro* II,4. A forma orixinal debe ter sido *Asseconia*, da que por sonorización xurdiu despois a variante *Assegonia* da tradición manuscrita. Variantes textuais do It. Ant. son *Asseconia*, *Assegonia*, *Aseconia*, *Ascionia*; no Rav. temos *Assegonion*; no It. de Barro *Aseconia*.

Tumbo Vello da Catedral de Lugo; a. 924 *in ripa Siaonie* no Tumbo A da Catedral de Santiago de Compostela; Moralejo Álvarez 2009, p. 194; Bascuas 2014, p. 224).²

En Santiago mesmo só dous nomes nos remiten claramente ao mundo lingüístico prelatino: o hidrónimo *Sar*, co seu derivado románico *Sarela*, e mais o hodónimo *Callobre*. Un pouco máis retirado está o río *Tambre*. De todos se falará a continuación, aínda que *Callobre* estará no principal foco de atención.

2.

O conxunto ou unha gran parte das actuais rúas das Orfas, Caldeirería e Preguntoiro chamábase antes rúa de *Callobre*. Conflúe nela a rúa do Castro, o que xa nos indica que nos atopamos na parte alta da zona vella.

Como dato e curiosidade indicarei que Aura, a segunda filla de Rosalía de Castro e Murguía, foi bautizada na parroquia compostelá de San Fiz de Solvivo e inscrita con estas referencias: “Aura Maria Luz Martinez hixa de Dn Manuel y D.a Rosalía de Castro su Mujer [...] nació el dia anterior [07/XII/1868] y hora de diez de la mañana en la Calle de Callobre y casa del numero cuarenta” (García Vega 2012, p. 70). O cambio de nome da rúa tivo que darse naturalmente nalgún momento posterior que eu lamentablemente descoñezo.

Polo ano 1600 o arcebispo Juan de Sanclemente Torquemada, natural de Córdoba e formado na Universidade de Alcalá de




Fig. 1. Percorrido da antiga rúa de Callobre

2 Moi especulativo e igualmente ousado é, por outra parte, querer facer vir *Sigüeiro* < a. 915 *Siquario* de **Asseconario*, outro dos topónimos aos que se recorre para corroborar a idea de situar *Asseconia* na zona de Compostela (Moralejo Álvarez 2009, p. 194).

Henares, fundou unha casa e escola para nenas orfas na daquela chamada rúa de *Callobre* (Yzquierdo 2014, pp. 25-26).

Pero Hermo (2019, p. 26) infórmanos de que o Tombo de Tenzas Primeiro nos mostra que a comezos do séc. XIV o nome desta rúa era *rrua dos Ferreyros* ou *rrua da Ferarya*, de xeito que a súa designación como rúa de *Callobre* parece ser dunha antigüidade relativa.




Fig. 2. Posibles zonas compostelás antigamente chamadas *Callobre*

En calquera caso, xurdise máis tarde ou máis cedo como tal, o certo é que *Callobre* dalgún xeito se tivo que conservar ata ese momento, designando o lugar polo que pasa a rúa (o outeiro da zona vella cara ao leste), o lugar ao que se dirixe (polo norte da zona vella) ou se cadra en orixe todo o monte que une a parte alta da zona vella co monte da Almaciga.³

3.

O topónimo *Callobre* reaparece noutros lugares do noroeste galaico. En total son cinco testemuños dos que teño coñecemento seguro (Millán 1990 e autores precedentes que recolleron os topónimos en *-bre*).⁴

3 O nome deste monte presenta unha palabra de orixe árabe: *almáciga* 'cisterna, depósito de auga' < ár. *almasqa* (Corriente 2008, p. 137 s.v. *almácega*). "Todo o parque da Almaciga é un xacemento de auga e abastecían a toda Compostela. [...] A día de hoxe, é unha reserva de auga que segue abastecendo boa parte de Compostela" (Ares, Boo, Castellano e Chaves 2018-2019, p. 11).

4 Costa en *Fror na area* s. v. *Callobre* (2011) engade os predios *Monte Callobre* (Magalofes, Fene) e *O Callobre* (Brión), que non puideron constatar.




Fig. 3. Mapa dos topónimos Callobre

1. **Callobre**, San Xulián de Céltigos, e **Callobre Vello**, San Xoán de Espasante, Ortigueira, A Coruña.
2. **Callobre** < a. 1092 *Caliobre*, San Xoán de **Callobre**, Miño, A Coruña.
3. **Callobre** < a. 887 *Caliobre*, Santa María de Cuiña, Oza-Cesuras, A Coruña.
4. Antiga rúa de **Callobre**, Santiago de Compostela, A Coruña.
5. San Martiño de **Callobre**, A Estrada, Pontevedra cos microtopónimos *Agro de Callobre*, *Castro de Callobre* e *Muiño de Callobre*.

A estes debe engadirse aínda o topónimo medieval lixeiramente diverxente **Caliabriga*, que aparece como *Caliabrica* con *-c-* hipercorrecto no *Parroquial Suevo* da segunda metade do século VI, parroquia da sede de Viseu que segue sen estar localizada con certeza. En moedas visigodas dos reis Viterico (603-610) e Chintila (634-640) aparece como *Caliabria*. No IV Concilio de Toledo (a. 633) temos un *Servus Dei ecclesiae Caliabrensis episcopus*, igrexa que volve ser mencionada nalgúns dos concilios posteriores ata o XVI Concilio de Toledo (a. 693). Nun documento do ano 1171 en que Fernando II doa as ruínas de *Caliabria* á catedral de Ciudad




Fig. 4. Mapa dos topónimos Callobre e a medieval Caliabria

Rodrigo sitúase entre os ríos Coa e Águeda: *civitatem dictam Caliabriam quae iacet inter Coam et Agadam* (David 1947, p. 74).

Tradicionalmente identificase esta *Caliabria* co monte *Calabre*, freguesía de Almendra, concello de Vila Nova de Foz Côa, distrito da Guarda (p. ex. Hübner 1871, p. 67), pero non parece que sexa realmente o mesmo lugar. Os nomes son sen dúbida moi semellantes, pero de **Caliabriga* espérase un moderno **Calhabra*. Ademais, ata onde chega a miña información, no monte *Calabre* non hai restos arqueolóxicos de ningunha igrexa (Rodríguez 1998).

4.

Callobre é un nome que de entrada debe asociarse lingüisticamente ao grupo de topónimos prelatinos en *-bre* extraordinariamente frecuentes no noroeste e que xa foi obxecto de numerosos estudos.

4.1.

O primeiro en recollelos foi frei Martín Sarmiento (Lorenzo 2007, p. 18). No seu *Onomástico etimológico de la lengua gallega* (1758-1769) baixo a rúbrica de “Lugares suevos o godos” presenta un listado en que tamén se atopa *Callobre* (Monteagudo 2002, pp. 230-232). A propósito do monte *Castrove*, do cal coñece unha variante medieval *Castovre*, fai referencia á terminación “*obre* u *ovre* común a outros lugares de Galicia” (Pensado 1970, p. 176), inaugurando así un falso xeito de denominar este conxunto onomástico como “topónimos en *-obre*”, que máis tarde se vai impoñer e aínda hoxe segue sendo moi habitual.

A súa denominación correcta como “topónimos en *-bre*” e atribución tamén moi probable ao mundo céltico, relacionándoos con *-briga*, ofrécenlas por primeira vez Verea Aguiar no capítulo “Investigación II. Si la Galicia ha sido toda Céltica” da súa *Historia de Galicia. Primera parte* (1838, pp. 16-48).

Verea Aguiar (1838, p. 36) empeza recriminándolle a Bullet (1754) que esquecese o léxico e onomástica de Galicia e Asturias cos que podería enriquecer moito o seu traballo. No apartado “Extracto del diccionario celtico” (1838, pp. 38-43) fai unha listaxe de palabras (verdadeira ou presuntamente) célticas tomadas de distintas fontes das que atopa correspondencia na toponimia e

léxico común galegos. Como non podía ser doutra maneira, non todo o que aquí se reúne resulta hoxe aceptable, pero o certo é que parte deste material está sen dúbida ben identificado como prelatino de orixe celta. Por exemplo, *Brigancia, Camba, Deva* etc. En 1838, p. 43, engade “todos los acabados en *bre* de la palabra *Briga* ó *Bria* [...] que hay en muchas partes de Galicia y Castilla”, citando entre outros *Callobre, Cecebre, Bemibre, Tambre* etc., mesturando por tanto aquí tamén algúns nomes que hoxe sabemos que teñen distinta orixe. Esta listaxe será despois recollida e ampliada por Vicetto (1865, pp. 98-99).

Disto faise eco Henry d’Arbois de Jubainville (1904, p. 103), que recolle unha pequena mostra de “noms de lieu modernes qui se terminent en *o-bre* = *o-briga*”, nomes que serán inmediatamente incluídos por Holder no seu *Alt-celtischer Sprachschatz* (1896-1913).

Philipon (1925, p. 217)⁵ e Pidal (1946)⁶ rexeitan, en cambio, que *-(o)bre* veña de *-briga* pola súa evidente inadecuación fonética e ofrecen cadansúa interpretación etimolóxica alternativa, pero o certo é que o feito de que *-bre* non poida vir de *-briga* non significa que se deba renunciar necesariamente a un parentesco etimolóxico entre eles, dado que na toponimia antiga non só temos *-briga*, senón tamén *-brix* e *-bris*.

Caro Baroja (1947, pp. 237-238) pon en relación *-obre* cos topónimos en *-brix*, considerando, sen dar máis explicacións, que desta maneira se podería salvar o obstáculo fonético que impedía relacionar *-obre* con *-briga*. Tamén menciona os topónimos en *-bris* e fai referencia aos letreiros monetarios *Segobriga* e *Segobris*, pero considera, seguindo parcialmente a Philipon, que *-bris* pode ser unha palabra céltica ou precéltica semellante á do tracio *bría* ‘cidade’.

5 Philipon segue os pasos de Estevo de Bizancio, lexicógrafo do século VI, que interpretaba o topónimo hispánico Βροντοβρία como “cidade de Bruto” asociándoo aos topónimos tracios en *-bría* ‘cidade’, como Μεσημβρία, h. Ne-sebar, Bulgaria. Estevo de Bizancio 446.15: Μεσημβρία ... βρία γάρ τήν πόλιν φασί Θρακες “Mesembría ... pois os tracios din *bría* para cidade”. A mesma idea xa a temos moito antes en Estrabón 7,6,1, xeógrafo dos séc. I a. C. - I d. C.: Μεσημβρία ... τῆς δὲ πόλεως βρίας καλουμένης θρακιστί... “Mesembría ... de cidade que se chama *bría* en tracio”, termo recollido tamén polo lexicógrafo Hesiquio dos séculos V-VI: βρία. τήν ἐπ’ ἀγροῖς κώμην “*bría*: aldea na campaña” e que Frisk 268 (s.v. βρία) e Pokorny 1152 (baixo raíz 2. **u̯er* ‘altura’) nos seus respectivos dicionarios relacionan co toc.A *ri* / toc.B *riye* ‘cidade’ e fan vir dunha protoforma indoeuropea **uriiā*. Luis Monteaegudo (1983, pp. 45-46 s.v. *Anzobre*) retoma esta hipotética liña etimolóxica partindo para *-bre* dunha forma orixinal **-ueris*, mentres que Búa e Lois (1994-1995) opinan que tanto *-bre* como as formas do tracio poden vir dun mesmo tema alternante **ur-ī* / **ur-iā*- (< **ur-ih₂* / **ur-ieh₂*-).

Cf. agora ademais Adams (2013, p. 582, s. v. *riye*), que parte de **urih₁-en-* para o tocario, **urih₁-eh₂-* para o tracio, e Blažek e Schwarz (2016, pp. 59-60) para máis información.

6 Menéndez Pidal considera que se trata dun sufixo derivativo que pode formar topónimos a partir de *nomina possessoris*.

Moralejo Laso (1952) dá por fin unha posible solución ao problema, facendo vir os topónimos en *-bris* de *-brix* e recuperando así a relación etimolóxica dos topónimos en *-bre* con *-briga*. Segue esta interpretación de Hoz (1994) e tamén Búa (2004, p. 389) se acaba unindo a esta tese. Véxase tamén Moralejo Álvarez (2003 e 2010). Retomarei a súa argumentación máis abaixo no punto 6.1.

En canto á problemática da designación destes nomes como “topónimos en *-obre*” ou “topónimos en *-bre*”, debe terse en conta que a vogal final *-o-* do primeiro elemento é efectivamente a máis frecuente, pero que en realidade nesa posición pode aparecer calquera vogal antiga e por tanto tamén calquera moderna, aínda que a priori e en boa lóxica as máis frecuentes han ser efectivamente as dos temas en **-ō-* (> *-o-*) e en menor medida **-ā-* (> *-a-*), seguidos dos en **-ī-* e *-ū-* que debido á neutralización latina de *-i-* : *-u-* ante labial poden ter dado indistintamente un *-e-* ou *-o-* moderno. Por exemplo, *Callobre*, *Xiabre* < **Senabre* (Vilagaría, Pontevedra) e *Cecebre* < a. 942 *uilla Zercebre* (Cambre, A Coruña), que como simple e pura hipótese podería vir de **Cerci-bri-* < **Quercibri-* < **Quercubri(g)-* < **k^uerk^uubrig-* ‘monte de carballos, carballeira’, neste caso con *-i-* por *-u-* ante *-b-* e asimilación **querci-* > **cerci-*.⁷ Por outra parte, a nasalización e reconsonantización do *-n-* pode dar como resultado actual *-mbre*. Por exemplo, *Ombre* < a. 971 *uilla Anobre*, San Lourenzo de Pastor, O Pino, A Coruña.

Ademais moitos destes nomes en *-bre* rematan actualmente en *-be* (coa variante gráfica *-ve*) por metátese ou por perda disimilatoria do *-r-*. Por exemplo, *O Grove* < a. 1115 *Ogrove*, a. 912 *Ogobre*, a. 899 *insula Ocobre*, Pontevedra; monte *Castrove* < a. 1025 *Castovre*, próximo a Pontevedra.

Con respecto aos topónimos rematados en *-mbre* hai que ter en conta, con todo, que parte deles son antigos. Por exemplo, *Cambre* < a. 971 *Calambre* (cf. *Calambre* de Serantes, Tapia, Asturias) e *Pambre* < a. 1009 *Palambre* de Palas de Rei, Lugo. E outros xurdiron por síncope vocálica, como, por exemplo, o hidrónimo *Tambre* < a. 818 *riuulo Tamare*. É por iso que, se carecemos de documentación medieval, non é posible saber con seguridade se tales nomes son realmente topónimos en *-bre* ou non. Por exemplo, San Pedro de *Quembre*, Carral, A Coruña, ou *Combre*, San Tomé de Lourenzá, Lourenzá, Lugo, dos cales por agora non teño máis datos.

7 Para esta deslabialización cf. as variantes do etn. *Querquerni* en Plin. Nat. 3,28, *Aquis Querquennis* no It. Ant. 428,2, *Aquis Cercenis* no Rav. 320,3, h. Os Baños, Bande, Ourense.




Fig. 5. Mapa dos topónimos en *-bre*

Pola perda dunha consoante intervocálica algúns primeiros elementos acababan reducidos a unha única sílaba. Por exemplo, *Obre* < a. 1113 *Olobre* en Noia, A Coruña. Non está claro, en cambio, se as formas bisilábicas antigas como O *Lubri* abl. (cf. *Lubre*, San Xosé de Ares, Ares, A Coruña; San Xoán de *Lubre*, Bergondo, A Coruña) ou *Lambris* (Φλαουία Λαμβρίς en Ptolomeo 2,6,26) son realmente compostos en *-bre* e *-mbre* respectivamente ou son en realidade outra cousa completamente diferente.

4.2.

Os topónimos en *-bre* aparecen en extraordinaria abundancia dispersos polo territorio noroccidental.

1. Santa Baia de **Alcabre**, Vigo; cf. a. 1153 *Alcabria* para situar polo Incio (Lu).
2. a. 912 **Alobre**, hoxe Santa Baia de Arealonga, Vilagarcía de Arousa.
3. med. **Anobre**: a) Santa María de *Ombre* < a. 1114 *Sancta Maria de Anovre* 1114, Pontedeume (Co); b) *Ombre*, San Xoán de Vilanova, Miño (Co); c) *Ombre* < a. 1195 *Anoure*, San Xián de Almeiras, Culleredo (Co); d) *Ombre* < a. 971 *uilla Anobre*, San Lourenzo de Pastor, O Pino (Co); e) a. 1023 *uilla uidelicet nuncupata Anobre ... que est in territorio Montanos iuxta ecclesia Sancti Uincentii ripa Tamaris*, San Vicenzo de Vilouchada, Trazo (Co); f) *Ombre*, Santa María de Viceso, Brión (Co).
4. **Anzobre**: a. 971 *uilla Anazobre*, a. 966 *uilla Anezoure* de Armentón, Arteixo (Co).
5. **Añobre**: a) *Añobre*, Vila de Cruces (Po); b) *Añobres*, San Xulián de Moraimo, Muxía (Co).
6. a. 991 **Arcobre**, hoxe *Alcobre* de Vila de Cruces (Po).
7. a. 1122 *ecclesia de Arnobre*.
8. **Baiobre**: a) *Baiobre*, San Cristovo de Beseño, Touro (Co); b) *Baiobre*, Santa Locaia de Branzá, Arzúa (Co).
9. **Bañobre**: a)

Bañobre, Santa María de Castro, Miño (Co); b) *Bañobre*, Santa María de Labrada, Guitiriz (Lu). **10. Barallobre**: a) *Santiago de Barallobre* < a. 1110 *sancti Iacobi de Baraliobre*, Fene (Co); b) *Barallobre*, San Martiño de Brabío, Betanzos (Co); c) *Barallobre*, San Xiao de Carballo, Friol (Lu). **11. med. Basobre** (antes do s. XII) “in terra de Faro” (Co). **12. Boxoabre**, nome dun predio próximo a Penedo, Zas (Co). **13. a. 1385 Bredovre**, hoxe Bedrobe, San Xián de Cabaleiros, Tordoia (Co). **14. Callobre**: a) *Callobre*, San Xulián de Céltigos, e *Callobre Vello*, San Xoán de Espasante, Ortigueira (Co); b) *Callobre*, San Xoán de *Callobre*, Miño (Co); c) *Callobre*, Santa María de Cuiña, Oza-Cesuras (Co); d) *Callobre*, zona alta da cidade vella de Santiago de Compostela (Co). As rúas das Orfas, Caldeirería e Preguntoiro eran antes rúa de *Callobre*; e) parr. San Martiño de *Callobre*, A Estrada (Po). **15. a. 1399 Caranzobre**, hoxe *Canzobre*, Santo Estevo de Morás, Arteixo (Co). **16. a. 1025 Castovre**, hoxe monte *Castrove*, próximo a Pontevedra. **17. Cezobre**, San Cristovo de Borraxeiros, Agolada (Po). **18. a. 942 uilla Zercebre**, hoxe San Salvador de *Cecebre*, Cambre (Co). **19. Cillobre**: a) *Cillobre*, San Martiño de Sésamo, Culleredo (Co); b) *Cillobre*, Santa María de Torás, A Laracha (Co); c) *Cillobre*, Santiso de Cornado, Touro (Co). **20. med. Cinzobre** en El Franco ou Tapia (Ast). **21. Ciobre**, Santa María a Maior do Val, Narón (Co). **22. med. Colobre**: a. 935 *Colobre*, hoxe *Coebre*, Santo Estevo de Loureda, Oza-Cesuras (Co); b) Santo Adrán de *Cobres* e Santa Cristina de *Cobres* < a. 1435 *Coobres*, 1431 *Coobre*, Vilaboia (Po); c. *Cobre*, A Veiga (Ast). **23. a. 1269 Coozoure**, preto de San Miguel de Rarís, Teo (Co). **24. Cortobe**, San Vincenzo de Burres, Arzúa (Co). **25. Fiobre**, San Vicente de Moruxo, Bergondo (Co). **26. Illobre**: a) *Illobre*, San Pedro das Viñas e *Illobre*, Santa María de Pontellas, Betanzos (Co); b) *Illobre*, San Fins de Sales e *Illobre*, Santo André de Illobre, Vedra (Co). **27. Iñobre**, San Salvador de Taragoña, Rianxo (Co). **28. Ixobre**, San Vicente de Caamouco, Ares (Co). **29. Landrove** co río *Landro* en Viveiro (Lu). **30. Laxobre**, Santiago de Arteixo, Arteixo (Co). **31. a. 818 uilla que ab antiquis uocitabatur Lentobre et nunc uocitatur Ostulata**, Vilouchada, Trazo (Co). **32. Lestrobe**: a) *Lestrobe*, Santa María de Dodro, Dodro (Co); b) *Lestrobe*, San Pedro de Benza, Trazo (Co). **33. Lubre**: a) *Lubre*, San Xosé de Ares, Ares (Co); b) San Xoán de *Lubre*, Bergondo (Co). **34. Maiobre**, San Xosé de Ares, Ares (Co). **35. Montrrove**, Santaia de Liáns, Oleiros (Co). **36. Med. Ocobre**: a) *Ogrobe*, Santa María de Vilamaior, Mondoñedo (Lu); b) *O Grove*, San Xián da Insua, Taboada (Lu); c) *Ogrobe*, San Martiño de Andrade, Pontedeume (Co); d) a. 899 *insula Ocobre* > a. 912 *Ogrobe* > a. 1115 *Ogrove* > *O Grove* (Po); e) *O Grove*, Fontoura, Valença do Minho, Portugal. **37. Med. Olobre**: a) Santo André de *Obre*, Paderne (Co); b) a. 1113 *Olobre* > *O Obre* de Abaixo e mais *O Obre* de Arriba, Santa Mariña do Obre, Noia (Co). **38. Pantiñobre**, Santo Estevo de Pantiñobre, Arzúa (Co). **39. Pezobre**, San Cristovo de Pezobre, e *Pezobrés*, Santo Estevo de Pezobrés, Santiso (Co). **40. Rañobre**, San Tirso de Oseiro, Arteixo (Co). **41. Sansobre**, Vimianzo (Co). **42. Seixabre**: a) *Xeixabre*, Ortoño, Ames (Co); b) *Seixabre*, Mos (Po). **43. a. 830 Siliobre**, hoxe Santa Mariña de *Sillobre*, de Fene (Co). **44. Subiñobre** na vertente setentrional do castro de *Ogrobe*, San Martiño de Andrade, Pontedeume (Co). **45. a. 914 Talobre**, hoxe *Trobe*, Santo André de Trobe, Vedra (Co). **46. Tallobre**, Santiago de Ouviaño, Negueira de Muñiz (Lu). **47. a. 830 Tiobre**, a. 1178 *de Toiobre in*

Pruciis, a. 1199 *de Toovre*, a. 1373 *san Martino de Teoure*, a. 1435 *San Martino de Tiovre*, hoxe San Martiño de *Tiobre*, Betanzos (Co). **48. *Tragove***, Santo Amedio de Corvillón, Cambados (Po). **49. *Truebe***, San Cristovo de Mallón, Santa Comba (Co). **50.** a. 887 ***Uendabre*** por Betanzos (Co). **51.** a. 922 ***Uolebre***, hoxe Santiago de *Boebre*, Pontedeume (Co). **52.** Monte ***Xiabre*** entre os concellos de Vilagarcía, Caldas de Reis e Catoira (Po). **53. *Xenxibre***, Santiago de Duarria, Castro de Rei (Lu). **54. *O Xobre***, Santa María do Xobre / do Maño, A Pobra do Caramiñal (Co).

Tamén os hai fóra das fronteiras administrativas da actual Galicia, pero aquí lamentablemente non están recollidos de forma exhaustiva. Algúns posibles exemplos, que en parte figuran no mapa anterior, son: med. *Cinzobre* en El Franco ou Tapia, Asturias; *Cobre*, A Veiga, Asturias; posiblemente *Llangrave*, Boal/Bual, Asturias, no caso de que veña de **Langabre* (cf. *Langa* en Ávila, *Langa de Duero* en Soria, *Langa del Castillo* en Zaragoza etc.); *O Grove* < **Ocobre*, Fontoura, Valença do Minho, Portugal; monte *Calabre*, Almendra, Vila Nova de Foz Côa, A Guarda, Portugal; ou o *Castrum Colubri*, reinterpretado por etimoloxía popular e arabizado despois como *ḥiṣn al-Han(a)ṣ* ‘castro da cobra/serpe’, de onde o seu nome actual *Alange*, Badajoz, e mais o chamado *Cerro de la Culebra* no que se asenta o seu castelo (cf. a. 935 *Colobre*, h. *Coebre* en Santo Estevo de Loureda, Oza-Cesuras, A Coruña). En calquera caso, aínda que sen dúbida ha de haber bastantes máis nomes que engadir, o certo é que todo parece indicar que fóra do noroeste a súa presenza é incomparablemente máis escasa e dispersa.

4.3.

O mesmo ocorre cos antigos en *-bris* dos que sen dúbida proceden os modernos en *-bre*, argumento que foi fundamental na interpretación do símbolo \oslash como denominación dunha entidade administrativa rural menor, que Albertos (1975) identifica co termo *castellum*, escrito por extenso nalgúns das epígrafes. Fóra do noroeste os topónimos en *-bris* son moi escasos, pero esa enorme diferenza pode estar condicionada polo feito de que aquí exista o fenómeno dos *castella* e os teñamos mencionados con frecuencia na epigrafía, mentres que nos demais territorios estes nomes de lugares ou demarcacións menores teñen moita menos oportunidade de saír á luz nas nosas fontes.

Coñecemos os seguintes *castella* en *-bris*:




Fig. 6. Altar de Cores, Ponteceso. Fotografía de Pereira (1991)


⊔ *Aviliobris* nun altar de Cores, Ponteceso.

Texto: *I(ovi) O(ptimo) M(aximo) ⊔ Aviliobris pr(o) s(alute)* (Pereira 1991, p. 175 § 66).

*⊔ *Ieluibri* (abl.) [lectura moi insegura, probablemente incorrecta] nun altar perdido de Lugo.


Texto (lectura transmitida): *VECIVSCL / VTAMIP:COI / []DIELVIBRI / VEROPOMV / SVECIPMIL / CORTI.TERT / IALV-CESMIL / ITAVITASINI // MAETARIV* (CIL II 2584).

En primeiro lugar temos *Vecius Clutami filius*, seguido probablemente da indicación da súa procedencia, onde COI debe ser a *civitas*, posiblemente **Cop(orus)*, e DIELVIBRI o *castellum*, que podería ser *⊔ *Ieluibri*, se a lectura fose correcta, o que non parece. Podería tratarse en realidade dunha forma rematada en *-mbri. Parece seguir o nome do seu fillo, *VEROPOMV/S Veci filius*, en parte probablemente mal lido, e unha secuencia na que se fala do seu servizo como soldado na *cohors tertia Lucensium*. O final é enigmático e o texto no seu conxunto ofrece unha chea de problemas de lectura, sintaxe e interpretación que impiden a súa segura comprensión.



◁ Fig. 7. Inscripción funeraria de Astorga. Recorte do CIL 2902

▷ Fig. 8. Inscripción funeraria de Astorga segundo se transmite no ms. Vat. Lat. 5237 fol. 209 (https://digi.vatlib.it/view/MSS_Vat.lat.5237)




*⊔ *Blaniobris* nunha inscrición funeraria de Astorga, León, deducible con algunhas dúbidas da indicación de orixe de *Fusca Coedi filia Celtica Superta(marica) ⊔ Blaniobrensi*; CIL II 2902 [que a sitúa por error en Burgos] = 5667.

Texto: *Fusca Coedi filia Celtica Superta(marica) ⊔ Blaniobrensi Secoilia Coedi filia soror sua posuit.*

Gómez Moreno (1925, p. 15), que é un observador moi fiable, dinos: “Hoy se halla muy gastada, pero se ve cuán bien la copió este último [sc. Alessandro Bassano]⁸ en el siglo XVI, salvo la línea quinta, donde, en vez de ENTIF,⁹ léese EN///I, completando el nombre de la *centuria* [hoxe diríamos *castellum*] BLANIOBR/ENSI”.

∩ **Lubri** (abl.) nunha inscrición funeraria de Andiñuela, León.

Texto: *Eburia Calueni f(ilia) Celtica Sup(ertamarica) ∩ Lubri an(norum) XXVI h(ic) s(ita) e(st)* (García Martínez 1997).



∠ Fig. 9. Inscrición funeraria de Andiñuela, León. Fotografía de García Martínez (1997)



▷ Fig. 10. Inscrición funeraria de Crecente, Lugo. Fotografía de Abascal (2016, fig. 5a)

[∩] **Miobri** (abl.) nunha inscrición funeraria de Crecente, San Pedro de Mera, Lugo.

Texto: *Apana Ambolli f(ilia) Celtica Supertam(arica) [∩] Miobri an(norum) XXV h(ic) s(ita) e(st). Apanus fr(ater) f(aciendum) c(uravit)* (Rodríguez e Carreño 1996).

- 8 Alessandro Bassano é un anticuario de Padua ao que Mommsen, especulativa e polo que parece erradamente, atribuíu os folios 202-223 do códice Vat. Lat. 5237 da Biblioteca Vaticana, que contén copia de 230 inscricións hispanas (Gimeno s. d.).
- 9 En realidade a lectura que figura no Vat. Lat. 5237 fol. 209 non é ENTIF que Gómez Moreno toma do CIL 2902, senón ENLIF.

○ **Agubri** (abl.) nunha inscrición funeraria de Balmonte de Miranda, Asturias.

Texto: *Bodocena Aravi filia* ○ *Agubri an(norum) XII h(ic) s(ita) e(st)* (Fernández 1994).

○ **Ercoriobri** (abl.) nunha inscrición funeraria de Villanueva de Cangas de Onís, Asturias.

Texto: *Nigrinianus Nigrini Al(bio) ex* ○ *Ercoriobri annorum viginti* (Diego 1985, p. 174 § 59).

○ **Letiobri** (abl.) nunha inscrición funeraria de Braga.

Texto: *Albura Caturonis filia* ○ *Letiobri ann(orum) LXX h(ic) s(ita) e(st)* (AE 1973, p. 84 § 303).

Fóra da área noroccidental, os topónimos en *-bris* que citan as fontes literarias son:

Λονδοβρίς (Ptolomeo 2,5,10), actual Ilha da Berlenga, fronte ao cabo Carvoeiro, Peniche, Leiria.

Σαραβρίς (Ptolomeo 2,6,50), entre os vacceos.

Κόντοβρίς (Diodoro 33,24), sen localizar.

No caso de que o teónimo **Turibri** (dativo singular) de Alcuéscar, Cáceres, sexa un nome de lugar divinizado teriamos un testemuño epigráfico máis.

A estes aínda hai que engadir o caso do celtib. **Segobris**, especialmente relevante para a etimoloxía destes nomes. En letreiros monetarios en silabario celtibérico aparece o ablativo **sekobirikeð** = **Segobriged** ‘(moeda) de *Segobrig-*’ (tema *Segobrig-* + terminación de ablativo sg. *-ed*). O mesmo topónimo aparece máis tarde en letreiros monetarios en alfabeto latino como **Segobriga** e **Segobris**.



Fig. 11. Moedas con letreiros relacionados co topónimo *Segobrig-* (<https://www.numisbids.com>, [numismantigua.foroactivo.com](https://www.numismantigua.foroactivo.com) e Marqués 2013, p. 78)

No primeiro caso temos a frecuente transformación en temas en *-a* latinos de topónimos prelatinos en consoante (*Olisipo -onis* → *Olisipona* > *Lisboa*, *Pompaelo -onis* → *Pompaelona* > *Pamplona*, *Barcino -onis* → *Barcinona* > *Barcelona* etc.). O mesmo se documenta no caso de *Καιτόβριξ* (Ptolomeo 2,5,2), que máis tarde aparece como **Caetobriga* > lat. vulgar **Cetobriga*, recollido no Rav. 306,18 coa grafía hipercorrecta *Cetobricca*, arabizada posteriormente como *Šatūbar* (Al-Idrisi, séc. XII), hoxe *Setúbal*.

No caso de *Segobris* temos, en cambio, unha simplificación do grupo *-ks* > *-s* na terminación do nominativo: **Segobrix* > *Segobris*, cambio fonético que introduciu unha irregular variación alomórfica *-bri-* / *-brig-* no paradigma, p. ex. nom. *Segobri-s* vs. acus. **Segobrig-am*, que a propia lingua indíxena puido empezar a regularizar xeneralizando unha das dúas variantes, pero que se cadra só se consumou no momento da súa latinización, optando a lingua latina nuns casos pola forma do nominativo *Segobris*, noutros pola do acusativo *Segobrigam*, que dende a perspectiva desta lingua era directamente reinterpretable como *Segobriga-m*. Sobre isto volverei máis abaixo.

5.

Paso agora a tratar de situar *Callobre* no contexto das *civitates* romanas ligadas ao río Tambre: os célticos praestamarcos e mais os célticos supertamarcos. Para isto empezarei retomando a distribución xeral dos topónimos en *-bre* no noroeste.

5.1.

Vimos nun mapa anterior (fig. 5) que son moi abundantes en Galicia, onde á primeira vista parecen distribuírse e acumularse dun xeito fortuíto. Pero unha mirada máis atenta permite recoñecer que a súa ordenación xeográfica non é para nada tan casual nin caótica como parece, senón que se estrutura en tres grandes áreas.

A área I, que corresponde ao territorio dos ríos que desaugan cara a occidente, é a zona de maior abundancia. Na área II, que corresponde aos ríos que flúen cara ao norte e mais ao curso alto do Miño, os topónimos aparecen xa dun xeito moito máis disperso. Na área III, por último, correspondente á montaña




Fig. 12. Mapa coas áreas de dispersión dos topónimos en *-bre*




Fig. 13. Fotografía tomada de Moure, *O Noso Patrimonio*

pontevedresa, á provincia de Ourense e mais á montaña do sueste de Lugo, non temos en cambio ningún topónimo moderno en *-bre*. O feito de que non os teñamos na toponimia moderna desta área non significa, non obstante, que non houbo absolutamente ningún en época antiga. Así por exemplo, nunha ara votiva romana de Rairiz de Veiga (Ou), atopamos un topónimo antigo **Veigebri-* deducible do epíteto do teónimo *Bandue Veigebreaego* (dat.) “para o deus *Bandu-* veigebriense”.¹⁰


Se a continuación nos centramos e fixamos na área I de maior abundancia, resulta que tamén aquí se observa unha clara estruturación territorial.

A área ártabra, no Golfo Ártabro, é a que presenta a maior cantidade e concentración de nomes. A continuación temos a área Tambre-Ulla onde estes nomes tamén son frecuentes, especialmente no Ulla, pero un pouco menos densa. En terceiro lugar temos a área das Rías Baixas con topónimos costeiros bastante espallados, con especial concentración na ría de Arousa, que tamén se pode ver como unha prolongación occidental da cunca do Ulla. E, por último, sorprende que, no seo desta área de máxima abundancia, de súpeto nos atopemos cun enorme espazo xeográfico practicamente baleiro, que aquí chamo cuadrante

10 O texto di: *v(otum) s(olvit) l(ibens) m(erito) | Band-e | Veigeb|eaego | M(arcus) Silon-i|us Ga-l(eria tribu) Si|lanus | sig(nifer) cob(ortis) I | Ga-ll(icae) C(ivium) R(omanorum)* (Ferro 1957; Rodríguez Colmenero 1997, pp. 143-144).



△ Fig. 14. Mapa coas áreas de dispersión dos topónimos en *-bre* nas provincias da Coruña e Pontevedra



▷ Fig. 15. Mapa cos topónimos en *-bre* do Cuadrante transtamárico

trastamárico, delimitado no sur polo río Tambre, no leste aproximadamente polo río Dubra ou, se se prefire, pola franxa norte da depresión Meridiana e no resto do seu contorno polo océano Atlántico.

Neste cuadrante, que como mínimo duplica en superficie a área ártabra, non hai máis ca catro topónimos modernos e dous antigos. E os modernos nin todos son completamente seguros (*Truebe* por exemplo resulta especialmente dubidoso), de xeito que se cadra aínda son menos. Os antigos son por unha parte *Aviliobris*, visto anteriormente, e por outra un topónimo **Maelobri-* deducible do epíteto teonímico de *Coso Maelobri-* (dat.) “para *Coso maelobriense*”, documentado en Brandomil, Zas (Abascal 2022, pp. 295-297).



Fig. 16. Altar de Brandomil, Zas. Fotografía de Abascal Palazón (2022)




Fig. 17. Mapa coas áreas de presenza e ausencia de topónimos en *-bre* no cuadrante transtamárigo




Fig. 18. Mapa cos pobos citados por Plinio na costa occidental galega

Pero aínda admitindo que todos fosen verdadeiros topónimos en *-bre* < *-bri-*, o certo é que seguen sendo incomparablemente máis escasos e ademais concentrados en dúas pequenas áreas moi concretas.

Por unha parte, temos *Aviliobris* que está só na costa norte e se cadra habería que poñer en relación co grupo ártabro, como o seu representante máis occidental. Por outra, temos os cinco topónimos restantes que forman como unha pequena cuña polos concellos de Muxía, Vimianzo e Zas, coma unha lanchiña vogando nun mar completamente deserto: o interfluvio Xallas-Tambre, o interfluvio Castro-Xallas, a cunca do Anllóns e mais o sector setentrional da depresión Meridiana. Por suposto, tamén aquí debemos pensar que en calquera momento pode aparecer un novo dato toponímico moderno, medieval ou antigo en calquera destes espazos por agora baleiros. Pero iso non cambiaría o feito de que nos atopemos nunha área de enorme escaseza. Esta realidade, que co tempo dificilmente se converterá en todo o contrario do que parece, resulta moi

importante á hora de reflexionar sobre a posible situación xeográfica dos célticos supertamarcos, como veremos a continuación.

5.2.

Os únicos autores antigos que nos falan dos célticos praestamarcos e supertamarcos son Plinio e Pomponio Mela, ambos do século I.

Plinio, na súa *Historia natural* 4,111, vai mencionando accidentes xeográficos e xentes da costa do convento lucense de norte a sur:

promunturium Celticum, amnes Florius, Nelo. Celtici cognomine Neri et Supertamarci, quorum in paeninsula tres arae Sestianae Augusto dicatae, Copori, oppidum *[...]ta [?],¹¹ Celtici cognomine Praestamarci, Cileni.

É dicir, “o promontorio céltico, os ríos Florio e Nelón. Os célticos chamados nerios e supertamarcos coas tres aras sestianas dedicadas a Augusto que están na súa península, os cóporos, o *oppidum* *[...]ta [?], os célticos chamados praestamarcos, os cílenos”.

Mela, na súa *Chorographia* 3,9-11, tamén vai mencionando accidentes xeográficos e xentes da costa galaica, pero en dirección contraria, de sur a norte:

Frons illa aliquamdiu rectam ripam habet, dein modico flexu accepto mox paululum eminet, tum reducta iterum iterumque recto margine iacens ad promunturium quod Celticum vocamus extenditur. Totam Celtici colunt, sed a Durio ad flexum Grovi, fluuntque per eos Avo, Celadus, Nebis, Minius et cui oblivionis cognomen est Limia. Flexus ipse Lambriacam urbem amplexus recipit fluvios Laeron et Ullam. Partem quae prominet Praesamarchi habitant, perque eos Tamaris et Sars flumina non longe orta decurrunt, Tamaris secundum Ebora portum, Sars iuxta turrem Augusti titulo memorabilem. Cetera Supertamarici Nerique incolunt in eo tractu ultimi. Hactenus enim ad occidentem versa litora pertinent. Deinde ad septentriones toto latere terra convertitur a Celtico promunturio ad Pyrenaeum usque.

É dicir, “Aquela fronte ten durante un tempo unha costa dereita, despois torce lixeiramente e enseguida sae un pouco para fóra, e así entrando e saíndo unha e outra vez vai indo dereita polo seu costado ata acadar o cabo que chamamos

11 As lecturas transmitidas son *Nota* e *Oeta*, variantes a partir das que moi hipotética e arriscadamente se adoita restituir **Noega*.




Fig. 19. Mapa cos pobos citados por Mela na costa occidental galega




Fig. 20. Mapa coa situación dos arciprestados de Céltigos e Posmarcos (Susana Freixeiro, Wikimedia Commons)

Promontorio Céltico. Os célticos viven en toda esta parte da fronte, mentres que do Douro ata onde a costa torce viven os grovios e polo seu territorio flúen os ríos Ave, Cávado, Neiva, Miño e mais o Limia, que tamén chaman do Esquecemento. Na envoltura que fai a costa [é dicir, na zona das Rías Baixas vista no seu conxunto] atópase a cidade de *Lambriaca* e desaugan os ríos *Laeron* (= Lérez?) e Ulla. A parte sobresaínte habítana os praestamarcos¹² e polo seu territorio flúen os ríos Tambre e Sar, que non nacen moi lonxe, o Tambre pasando pola beira do porto de Ébora, o Sar por preto da importante torre de Augusto coa súa inscrición. O resto habítana os supertamarcos e mais os nerios, que xa son os últimos deste treito. Ata aquí esténdense as costas que están orientadas cara a occidente.

12 A forma *Praesamarchi* de Mela presenta, por unha parte, grafía *-ch-* probablemente por asociación culta a nomes gregos en *-αρχος*, latinizados en *-archus* (p. ex. Πολέμαρχος – lat. *Polemarchus* etc.); por outra, *-s-* en vez de *-st-* por erro de transmisión. As formas medieavais *Pestemarcos*, *Pestomarcos*, hoxe Posmarcos, confirman que a forma pliniana *Praestamarchi* con *-st-* é a verdadeira.

Despois a terra dá a volta e mira por todo o seu costado cara ao norte, dende o Promontorio Céltico ata ao Pireneo”.

Lamentablemente tanto Plinio como Mela falan de nerios e supertamarcos en conxunto, pero, pola orde que os presentan, os nerios deben estar máis ao norte. Isto coincide co feito de que, por unha parte, o *promunturium Celticum* (ou, se non é o mesmo, un dos cabos próximos) aparece noutros autores como “promontorio nerio” (por exemplo, Ptolomeo 2,6,2 e 2,6,21: Νέριον ἀκροτήριον) e, por outra, que os supertamarcos, como o seu propio nome indica, deben estar dalgún xeito en contacto co Tambre, que está máis ao sur. Segundo Plinio, as aras sestianas estarían na península destes célticos que levan o sobrenome de nerios e supertamarcos. A expresión é non obstante demasiado imprecisa e atopa ademais o problema de que Mela 3,13 as sitúa nunha península do litoral ástur, en ou preto de *Noega*.

Os célticos praestamarcos, que Mela sitúa na parte que sobresa (*partem quae prominet*) da zona costeira remetida (*flexus*) das rías, deben situarse na península da Barbanza, onde os actuais arciprestados de *Posmarcos de Arriba e de Abaixo* < **Pesmarcos* < *Pestomarcos* / *Pestemarcos* < *Praestamarcos* conservan o nome antigo. Os cóporos que cita Plinio teñen como capital *Iria Flavia*, tendo en conta a Ptolomeo, que pola súa parte comete o erro de confundir os cóporos occidentais cos cóporos de *Lucus Augusti* (Ptolomeo 2,6,24: Καπορών·Ίρια Φλαουία, Λούκος Αὐγούστου, “dos cóporos: Iria Flavia e Lucus Augusti”). Os cílenos teñen como capital *Aquae Calidae*, de acordo con Ptolomeo, lugar que figura como *Aquae Cilenae* nos itinerarios baixo distintas variantes, probablemente a actual Caldas de Reis.

5.3.

Tendo en conta os datos históricos e mais os nomes destes célticos que viven na zona do Tambre, hai consenso case absoluto en que os praestamarcos son os que viven “antes do Tambre” (*praes-* estaría relacionado co latín *prae*, aínda que eventualmente tamén podería tratarse de **pres-* ou **pris-*, todos co mesmo sentido de “diante”, latinizado como *praes-* por influxo de *prae-*; Dunkel 2014, pp. 634 e 640) e os supertamarcos os que viven “por riba, é dicir, ao outro lado do Tambre” (*super-* pode ser pola súa parte latinización dunha forma orixinal **uper-*).




Fig. 21. Mapa dos pobos e topónimos da Galicia romana de

A pesar das posibles interferencias do latín, todo parece indicar que se trata de nomes de orixe prelatina formados mediante un primeiro elemento de referencia local e mais un sufixo *-ico-* de relación, como os etnónimos galos *Aremorici* ‘os que viven na beira do mar’, os *Mediomatrici* ‘os que viven no curso medio do río *Matra*’ ou ‘os que teñen o río *Matra* polo medio do seu territorio’ (Greule 2005, p. 430; o *Matra* debe ser o actual *Moder*, afluente do curso alto do Rin en Drusenheim, Alsacia, Francia, con topónimos modernos *Niedermodern* e *Obermodern* “Moder inferior” e “Moder superior”) etc.

Esta hipótese atopa, non obstante, dous importantes escollos:

- a. Mela 3,11 di: *partem quae prominet Praesamarchi habitant, perque eos Tamaris et Sars flumina non longe orta decurrunt*. É dicir, que os praestamarcos viven na península da Barbanza, pero polo seu territorio tamén pasan o Tambre e mais o Sar, que non nacen moi lonxe.

Isto significa que os praestamarcos non só vivían na Barbanza e por tanto o seu territorio non se limitaba ao dos posteriores arciprestados de Posmarcos, senón que tamén vivían a ambos os lados do curso baixo do Tambre e do curso medio do Sar.¹³ Disto dedúcese tamén que os supertamarcos non

13 O Sar, aínda que pequeno, parece pasar polo territorio de tres *civitates*. Como Mela nos di que non nace moi lonxe, parece que hai que entender que nace fóra do territorio praestamarco. O seu curso baixo en cambio pasa pola beira de Iria Flavia que xa queda no territorio dos cóporos.



Fig. 22. Mapa coa situación dos Praestamarcos segundo Mela




Fig. 23. Mapa da situación do arceprestadado de Céltigos con respecto á situación aproximada das civitates romanas da zona

deben estar alén do curso baixo do Tambre, senón noutro lugar que tamén estea ligado ao Tambre que tamén se poida entender como “por enriba”.

- b. Por outra parte, un argumento lingüístico vén coincidir e reforzar o que nos di Mela. Como se dixo anteriormente, as *civitates* romanas noroccidentais conservaron nunha primeira etapa do dominio romano unhas unidades administrativas rurais menores que en latín chamaban *castella*. Esos *castella* só os coñecemos a través da epigrafía, maioritariamente en epígrafes funerarias en que se indica a orixe do defunto. O noso coñecemento está sometido por tanto á casualidade dos achados da nosa documentación epigráfica. Pois a sorte de momento deparounos que coñecemos catro *castella* da *civitas* dos límicos (⊙ *Arcuce*, *castello Berensi*, ⊙ *Elanciocelo*, ⊙ *Talabrica*), tres dos célticos supertamarcos (⊙ *Blaniobrensi*, ⊙ *Lubri*, [⊙] *Miobri*), dúas dos albións (⊙ *Cariaca*, ⊙ *Ercoriobri*), doutros de momento só unha (p. ex. ⊙ *Berisamo* dos cílinos, ⊙ *Louciocelo* dos interámicos, ⊙ *Eritaeco* dos lémapos etc.), mentres que doutros máis por fin non temos aínda ningunha información, como por exemplo no caso dos

célticos nerios e praestamarcos. Pois ben, o que chama a atención dos célticos supertamarcos é que todos os seus *castella* que por agora coñecemos son en *-bri-* e por tanto debemos supoñer que no seu territorio tales topónimos debían ser moi abundantes. Se retomamos o mapa de distribución dos topónimos en *-bre* no cuadrante trastamárico (fig. 17) veremos, porén, que ao norte do curso baixo do Tambre temos unha área en que estes topónimos faltan por completo, precisamente alí onde Mela nos indica que deben estar os praestamarcos e, por tanto, non os supertamarcos.

A alternativa parece clara: os supertamarcos deben estar no curso alto do río, onde hai topónimos modernos en *-bre* e ademais a súa situación resulta compatible co seu nome, que non debe por tanto entenderse no sentido de habitantes de “alén do Tambre”, senón “do Tambre superior”.

O feito de que Plinio e Mela citen sempre xuntos nerios e supertamarcos implica a súa veciñanza e unha proximidade (non necesariamente unha inmediatez) á costa. Tendo isto en conta, os supertamarcos non deberían estar nunha zona excesivamente afastada alá polo alto Tambre ou polo menos non só alí, senón nunha área que se debía estender dende o Tambre medio-alto ata o territorio dos nerios. Xusto no medio destas áreas aproximadas atopamos o actual arciprestado de Céltigos coas parroquias medievais de *Santa Coonba de Celtigos*, hoxe San Pedro de Santa Comba, e *Sancti Christofori de Celtigos*, hoxe San Cristovo de Mallón, e mais o topónimo moderno *Vilar de Céltigos* no concello de Santa Comba, que en principio tanto puideron ser parte do antigo territorio dos célticos nerios coma dos célticos supertamarcos. Segundo Martínez Lema (2018, p. 149), a terra medieval de Céltigos chegou a ter unha superficie moito maior, estendéndose entre o Xallas, o Tambre e mais o mar, pero en calquera caso esta maximización territorial non é necesariamente antiga e por tanto non implica que a área nuclear de *Céltigos* (Santa Comba e arredores) fose por forza en orixe dos célticos nerios.

Estas consideracións e argumentos presentéinos en Búa (2004), pero a interpretación puramente etimolóxica dos etnónimos *Supertamarci* e *Praestamarci* como habitantes do “Tambre anterior” e do “Tambre superior” xa está en Schmoll (1959, pp. 45-46), que parece pasar desapercibida ou ser desconsiderada pola maioría dos investigadores.

O monte Callobre de Santiago de Compostela, pola súa parte, estaría entre os praestamarcos e supertamarcos (fig. 23). Se, como di Mela, o Sar non

nace moi lonxe do territorio praestamarco, a balanza inclínase a favor de que xa se atope en territorio supertamarco. Seguridade, por suposto, non pode haber ningunha.

6.

Callobre vén probablemente dunha protoforma latina **Caliobri-* ou **Calliobri-*, que consta de dous elementos, *-bri-* e **caliō-* ou **calliō-*, dos que tratarei a continuación con máis detalle.

6.1. *-bri-*

Moralejo Laso (1952) propuxo interpretar os topónimos en *-bri-* como unha variante secundaria dos topónimos en *-brig-*. Fala a favor desta proposta o feito de que en celtibérico teñamos ben documentada a transformación do nominativo *-brix* en *-bris* no caso do topónimo *Segobrig-* (nom. **Segobrix*) → *Segobri-* (nom. **Segobris*) visto anteriormente.

O cambio fonético [*-g-s >] *-ks* > *-s* do nominativo introduciu unha irregularidade (alomorfa) na forma do tema no seo do paradigma: nominativo *Sego-bri-* (+ terminación de nom. *-s*), outros casos *Sego-brig-*, por exemplo acus. **Segobrig-am*, sendo perfectamente imaxinable e admisible que a variante alomórfica do tema do nominativo se acabase xeneralizando a todo o paradigma para restituír así a súa regularidade. Este cambio puido estar ademais favorecido polo feito de que os adxectivos derivados dos primitivos topónimos en *-brig-*, que se facían en *-brig-o-* (por exemplo, dun top. **Mailobrig-* → xentilicio **Mai-lobrig-o-*), pasaron a poder ser reinterpretados tras a sonorización das oclusivas xordas intervocálicas como *-bri-go-*, por influxo dos moi produtivos derivados en *-(i)ko- > -(i)go- e ao poder relacionarse así directamente co nominativo en *-bri-* (**Mailobrig-* → **Mailobrig-o-* “mailobriguense” transfórmase e reinterprettase como **Mailobri-* → **Mailobri-go-* “mailobriense”).¹⁴

14 Calquera opción alternativa a esta proposta etimolóxica pasa por negar toda relación dos topónimos en *-bris* con *-brig-* e *-briga*. Hai de feito varias hipóteses neste sentido, como se viu anteriormente, pero o certo é que, na miña opinión actual, nin resulta calquera delas máis satisfactoria e convincente nin é ningunha delas sequera xa de entrada realmente necesaria, dado que a explicación de *-bri-* a partir de *-brig-* non ten de seu nada raro nin é excesivamente rebuscada.

A palabra *brig-* está moi ben documentada no léxico e na toponimia das linguas célticas: irlandés antigo *bri*, xen. *breg* fem. ‘monte, outeiro, elevación’. É un cognato do xermánico **burg-* (alem. *Burg*) e do avéstico *bərəz-* (nom. sg. *bars*), que permite reconstruír un nome raíz indoeuropeo **b^hrg^h-* da raíz **b^herǵ^h-* ‘elevarse, estar no alto’ á que tamén pertence *Brigantia*, o alem. *Berg* ‘montaña’ etc. (v. Wodtko – Irslinger – Schneider 2008, pp. 30-34).

Favorece ademais a hipótese de partir de **Calio-brig-* ou **Callio-brig-* o feito de que na toponimia gala se documente o *aequabile Chaillouvre* < **Calio-briga*, sobre o que volverei no punto seguinte. De ser correcta esta interpretación, **Caliobri-* ou **Calliobri-* < **Caliobrig-* ou **Calliobrig-* sería o nome dun monte, dado que, como dixen anteriormente, non parece haber resto de ningún castro no alto da zona vella compostelá.

6.2. **Calio-* ou **Callio-*

Os topónimos en *-bri(g)-* poden ter como primeiro elemento un nome propio ou común. Son frecuentes os antropónimos: *Aviliobris* – antrop. *Avelio-* / *Avilio-* (Hoz 1994, p. 353), *Cillobre* (1. San Martiño de Sésamo, Culleredo; 2. Santiso de Cornado, Touro; 3. Santa María de Torás, A Laracha, todos na provincia da Coruña) – antrop. **Coilio*, **Cailio* ou *Cilio*, **Mailobri-* – antrop. *Mailo-* etc. Pero tamén pode tratarse dun referente xeográfico próximo, como por exemplo o nome dun río: *Landrove* < **Landrobri-* está na beira do río *Landro*; o top. *Σαραβρίτις* de Ptolomeo 2,6,50 en territorio vacceo parece un composto con primeiro elemento hidronímico **Sarā*. Temos, en cambio, probables nomes comúns por exemplo en *Καιτόβριξ* en Ptolomeo 2,5,2, hoxe Setúbal, con primeiro elemento **kaito* ‘bosque’ (galés *coit*) ou no med. *Arcobre*, hoxe *Alcobre* de Vila de Cruces, Pontevedra, con **arc(o)-* ‘defensa, protección’ (cf. lat. *arx* e gr. *ἄρκος* ‘defensa’ da raíz ie. **h₂ark* ‘(en)cerrar con algún tipo de protección ou defensa; protexer, defender; conservar, manter, ter’, cf. lat. *arcēre*).

Para *Callobre* téñense barallado as posibilidades de que sexa un antropónimo ou un nome común. En principio podería ser tamén calquera outra cousa, pero non vou especular por especular, así que me limitarei ao que se ten proposto.

6.2.1.

A opción de que poida tratarse dun antropónimo prelatino sería admisible tanto para **Calio-* como para **Callio-*, dado que tanto *Cal-* como *Call-* son bases a partir das cales se xeraron algúns nomes persoais documentados. Da base *Cal-* temos *Calo-* (*Calus Tancini filius*) de Villamesías, Cáceres), *Caleio-* (*Sutrio Calei f. [T]alabrig(ensis)* de Minas de Río Tinto, Huelva), *Calaeto-* (*Calaetus Coropoti filius*) de Torrejón el Rubio, Cáceres etc.). Da base *Call-* temos **Callaio-*, deducible do nome familiar de *Elaesus Callaiq(um)* de Candín, León.

Menéndez Pidal (1946) considerábo un derivado do antropónimo latino *Callius*, pero en contra desta opción hai dous argumentos. Por unha parte, *Callius* non aparece recollido por Abascal (1994), Becker (2009) nin Boullón (1999), mentres que na base de datos en liña de *Hispania Epigraphica* só aparece un único exemplo procedente de Écija, Sevilla (*CIL* II 1485, *CIL* II2/5, 1185, *HEp* en liña núm. 3427), de xeito que parece claro que este nome nunca tivo verdadeiro arraigo en Hispania e dificilmente pode estar detrás de todos eses topónimos *Calobre*. Por outra parte, Piel (1947, p. 191) tamén manifesta as súas dúbidas con outros argumentos: “as nossas dúbidas derivam da circunstancia de um antropónimo latino que, ao que parece, não deixou reflexos correspondentes em *-ana* ou *-i*, se apresentar nada menos de três vezes com o sufixo indígena *-obre*”.

En contra da posibilidade de que se trate dun antropónimo (sexa latino ou prelatino) falaría, por outra parte, a variante **Calia-briga* que se debía situar entre A Guarda e Salamanca. A súa forma feminina *Calia-* dificilmente poderá entenderse como antropónimo, que tería que ser feminino, dado que as mulleres non parecen ter xogado ningún papel na formación destes topónimos.

Conclúese así que, no caso de que **Calio-* ou **Callio-* sexa realmente un antropónimo, máis ben sería de tradición lingüística indíxena ca latino, pero que en todo caso se trata dunha opción que nin é plenamente descartable nin tampouco especialmente preferible en vista da variante *Calia-*.

6.2.2.

Para a opción de que se trate dun nome común a principal hipótese para ter en conta é a que nos presenta Nègre (1990, p. 168, núm. 2642) para o topónimo *Chailouvres* < a. 1567 *Chaliouvre*, a. 1536 *Challiovres*, a. 1080 *Chalovris*, a. 968-971 *in villa Chalobras*, na comarca de La Dombes, departamento de l’Ain, ao norte de Lión, Francia, territorio dos antigos *Ambarri* ‘os que viven a ambos

lados do Arar = Saône’, que etimoloxiza como pluralización de **Caliobriga* e por tanto sería un *aequabile* perfecto do noso *Callobre* < **Caliobri-* < **Caliobrig-*. A uns 10 km de *Chaillouvres* temos ademais *Chaliouvre*, como nome de lugar e lago, en Bouligneux, que debe ter a mesma orixe. Ambos os lugares están sobre ou nas inmediacións de pequenas elevacións do terreo sobresañtes sobre unha extensa planicie de orixe glaciar.

Segundo Nègre, o primeiro elemento deste composto sería o galo **calio-* ‘pedra’ conservado no francés antigo *chail* ‘pedra’, que sobrevive dialectalmente en anxevino e poitevino (p. ex. *chail de moulin* ‘pedra do muíño’), xunto ao que tamén se atopa unha forma feminina **caliā* conservada como *chaille* ‘lugar pedroso’ no Franche-Comté e en Suíza. As dúas formacións están ben representadas na toponimia: *Chail*, dép. Deux Sèvres; *Caille* < a. 1042 *Calia*, departamento de Alpes Maritimes; *Chailles*, departamento de Loir-et-Cher etc.¹⁵

Son tres os argumentos que favorecen esta hipótese etimolóxica para os nosos topónimos do occidente hispánico: a súa identidade formal (galo **Caliobriga* = **Caliobrig-* → **Caliobri-* > *Callobre*); a súa adecuación semántica **Caliobrig-* = ‘monte Pedroso’, que é o nome románico doutro monte inmediato a Santiago, de xeito que aquí teríamos a mesma designación para uns montes moi próximos e de características similares na lingua indíxena prelatina e mais na posterior románica; e por último que as dúas variantes que temos en galo **calio-* e **caliā* tamén estarían representadas na nosa toponimia: **Calio-bri(g)-* no noroeste e **Calia-briga* entre A Guarda e Salamanca.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Abascal Palazón, Juan Manuel (1994). *Los nombres personales en las inscripciones latinas de Hispania*. Murcia: Universidad de Murcia.
- Abascal Palazón, Juan Manuel (2016). Hábito epigráfico romano en el Conventus Lucensis. *Conimbriga*. 55, 193-219.
- Abascal Palazón, Juan Manuel (2022). Tres nuevos teónimos de Gallaecia: Coso Maelobrigo, Laribus Turargi[s?] y Deo Mundon[i]. *Zeitschrift für Papyrologie und Epigraphik*. 222, 295-300.

15 Seguen a mesma idea Prósper (2002, p. 377) con contundencia, Moralejo Álvarez (2010, p. 476) con prudencia, Cabeza Quiles (2018, p. 41) e outros.

- Adams, Douglas Quentin (2013). *A Dictionary of Tocharian B, Revised and greatly enlarged*. Amsterdam - Nova York: Brill.
- Albertos Firmat, María Lourdes (1975). Organizaciones suprafamiliares en la Hispania antigua. *Boletín del Seminario de Estudios de Arte y Arqueología*. 40-41, 5-66.
- Arbois de Jubainville, Henry d' (1904). *Les Celtes depuis les temps les plus anciens jusqu'en l'an 100 avant notre ère*. París: Fontemoing.
- Ares Montes, Xiao, Boo González, Manuel, Castellano Díaz, Julia e Chaves Otero, Rubén (2018-2019). *Almáciga*. Tralaballo de Grao. Universidade de Santiago de Compostela. <http://hdl.handle.net/10347/24744>
- Bascuas López, Edelmiro (2014). *Novos estudos de hidronimia paleoeuropea galega*. Vigo: Universidade de Vigo.
- Becker, Lidia (2009). *Hispano-romanisches Namenbuch*. Tübingen: Niemeyer.
- Blažek Václav e Schwarz, Michal (2017). *Early Indo-Europeans in Central Asia and China. Cultural relations as reflected in language*. Innsbruck: Universität Innsbruck.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (1999). *Antroponimia medieval galega (ss. VIII-XII)*. Tübingen: Niemeyer.
- Búa Carballo, Juan Carlos (2004). Tres cuestións relacionadas coa toponimia antiga en -bris, moderna en -bre. En: Ana Isabel Boullón Agrelo, ed. *Novi te ex nomine: Estudos filolóxicos ofrecidos ao Prof. Dr. Dieter Kremer*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 381-399.
- Búa Carballo, Juan Carlos e Lois Silva, Servando (1994-1995). Los topónimos gallegos en -bre de orixe prerromano. *Beiträge zur Namensforschung - Neue Folge*. 29-30, 13-41.
- Bullet, Jean Baptiste (1754). *Mémoire sur la langue celtique, contenant l'histoire de cette langue et un dictionnaire des termes qui la composent*. Besançon: Daclin.
- Cabeza Quiles, Fernando (2018). *Toponimia da Estrada*. A Coruña: Real Academia Galega. <https://doi.org/10.32766/rag.336>
- Caro Baroja, Julio (1947). La xeografía lingüística de la España antiga a la luz de la lectura de las inscripciones monetales. *Boletín de la Real Academia Española*. 26, 197-243.
- Corriente Córdoba, Federico (2008). *Dictionary of Arabic and Allied Loanwords*. Leiden - Boston: Brill.

- Costa, Miguel (2011). Brigs e Brigā (II). *Fror na area* (11/XII/2011). Disponible en <http://frornarea.blogspot.com/2011/12/brigs-e-briga-ii.html>
- David, Pierre (1947). *Études historiques sur la Galice et le Portugal du VIe au XIIe siècle*. Lisboa - París: Portugália - Les Belles Lettres.
- Diego Santos, Francisco (1985). *Epigrafía romana de Asturias*. Oviedo: Instituto de Estudios Asturianos.
- Dunkel, Georg Eugene (2014). *Lexikon der indogermanischen Partikeln und Pronominalstämme*. vol. 2. Heidelberg: Winter.
- Fernández Mier, Margarita (1994). Estela romana de Villaverde. *Boletín del Real Instituto de Estudios Asturianos*. 48, 695-700.
- Ferro Couselo, Xesús (1957). O deus Bandua da Veiga. En: *Homaxe a Florentino L. A. Cuevillas*. Vigo: Galaxia, 111-117.
- Frisk, Hjalmar (1960-1972). *Griechisches Etymologisches Wörterbuch*. Heidelberg: Winter.
- García Arias, Xosé Lluís (s. d.). *Toponimia asturiana s. v. castru*. Disponible en <https://mas.lne.es/toponimia/>
- García Martínez, Sonia María (1997). Una céltica supertamarica en Andiñuela (León). *Conimbriga*. 36, 95-102.
- García Vega, Lucía (2012). Rosalía de Castro, Manuel Murguía, su hija Aura y el contexto revolucionario de 1868. *Madrygal*. 15, 67-76.
- Gimeno Pascual, Helena (s. d.). Anticuarios y Epigrafistas. Siglos XVI-XVIII. Alessandro Bassano. *Corpus inscriptionum latinarum II*. Disponible en <https://centroci.web.uah.es/Anticuarios/Textos/Bassano.htm>
- Gómez Moreno, Manuel (1925). *Catálogo monumental de España. Provincia de León*. Madrid: Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes.
- Greule, Albrecht (2005). Gewässernamen als Spiegel der Kulturlandschaft. En: Isolde Hausner e Peter Wiesinger, eds. *Deutsche Wortforschung als Kulturgeschichte*. Viena: Verlag der Österreichischen Akademie der Wissenschaften, 421-432.
- Hermo González, Gonzalo (2019). Algúns nomes medievais das rúas de Santiago de Compostela (1352-1412). En: Ana Isabel Boullón Agrelo e María Luz Méndez Fernández, eds. *Estudos de Onomástica Galega IV. Os nomes das rúas*. A Coruña: Real Academia Galega, 21-33. <https://doi.org/10.32766/rag.360>
- Holder, Alfred (1896-1913). *Alt-celtischer Sprachschatz*. Leipzig: Teubner.

- Hoz Bravo, Jesús Javier de (1994). Castellum Aviliobris. Los celtas del extremo occidente continental. En: Roland Bielmeier e Reinhard Stempel, eds. *Indogermanica et Caucasia. Festschrift für Karl Horst Schmidt zum 65. Geburtstag*. Berlín - Nova York: De Gruyter, 348-362.
- Hübner, Emil (1871). *Notícias archeológicas de Portugal*. Lisboa: Academia Real das Ciências de Lisboa.
- Lorenzo Vázquez, Ramón (2007). Sarmiento e a onomástica. En: María Luz Méndez Fernández e Gonzalo Ramón Navaza Blanco, eds. *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica Galega "Frei Martín Sarmiento"*. Santiago de Compostela: AGOn, 11-45.
- Marqués González, Néstor (2013). Nuevos planteamientos cronológicos e interpretativos sobre la ceca latina de Segovia. Una emisión inédita. *Numisma*. 257, 69-93.
- Martínez Lema, Paulo (2018). Ad populandum: toponimia e repovoamento no sul da Galiza altomedieval. *Revista de Filología Románica*. 35, 141-165.
- Menéndez Pidal, Ramón (1946). El elemento *-obre* en la toponimia gallega. *Cuadernos de Estudios Gallegos*. 2, 1-6.
- Millán González-Pardo, Isidoro (1990). El topónimo céltico Calobre y primera cala en su familia léxica. En: Gumersindo Vilariño Gómez *et alii*. *Homenaje al polígrafo eumés Don Antonio Couceiro Freijomil en el primer centenario de su nacimiento (1888-1998)*. A Coruña: Deputación Provincial, 199-218.
- Monteagudo García, Luis (1951). Carta de Coruña romana. I. El interior. *Emerita*. 19, 191-225.
- Monteagudo García, Luis (1983). Etimologías de topónimos coruñeses (1). *Anuario Brigantino*. 6, 43-50.
- Monteagudo Romero, Henrique (2002). *Sobre a lingua galega: antoloxía, Martín Sarmiento*. Vigo: Galaxia.
- Moralejo Álvarez, Juan José (2003). Cambre, Pambre e outros topónimos en *-bre*. *Revista Galega de Filoloxía*. 4, 97-113.
- Moralejo Álvarez, Juan José (2009). Toponimia de las vías romanas de Galicia. *Palaeohispanica*. 9, 189-202.
- Moralejo Álvarez, Juan José (2010). Documentación medieval galaica: topónimos en *-bre*. En: Francisco Cortés Gabaudan e Julián Víctor Méndez

- Dosuna, eds. *Dic mihi, musa, virum: homenaje al profesor Antonio López Eire*. Salamanca: Universidad de Salamanca, 473-480.
- Moralejo Laso, Abelardo (1952). Sobre los nombres toponímicos en -obre y sus afines. En: Rafael de Balbín, dir. *Estudios dedicados a Menéndez Pidal III*. Madrid: CISC, 135-157.
- Moure, Xabier (s. d.). Romanización de Galicia (Provincia de Ourense). *O Noso Patrimonio* s. v. *Rairiz de Veiga*. Disponible en: <https://onosopatrimonio.blogspot.com/2011/07/romanizacion-de-galizagalicia-ii.html>
- Nègre, Ernest (1990). *Toponymie générale de la France*. Vol. 1. Xenebra: Droz.
- Pensado Tomé, José Luis (1970). *Fr. M. Sarmiento. Colección de voces y frases gallegas*. Salamanca: Universidad de Salamanca.
- Pereira Menaut, Gerardo (1991). *Corpus de inscricións romanas de Galicia I. Provincia de A Coruña*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura.
- Philipon, Édouard (1925). *Les peuples primitifs de l'Europe méridionale*, París: Leroux.
- Piel, Joseph Maria (1947). Nomes de «possesores» latino-cristãos na toponimia asturo-galego-portuguesa. *Biblos*. 23, 143-202 e 283-407.
- Pokorny, Julius (1959-1969). *Indogermanisches Etymologisches Wörterbuch*. Berna: Francke.
- Prósper Pérez, Blanca María (2002). *Lenguas y religiones prerromanas del occidente de la Península Ibérica*. Salamanca: Universidad de Salamanca.
- Rodrigues Cosme, Susana (1998). Aldeia Nova – Resultados de uma primeira sondagem. *Côavisão. Cultura e Ciência*. 0, 63-68.
- Rodríguez Colmenero, Antonio (1997). *Aquae Flaviae I: Fontes Epigráficas da Gallaecia meridional interior*. (2. ed.). Chaves: Câmara Municipal de Chaves.
- Rodríguez Colmenero, Antonio e Carreño Gascón, María Covadonga (1996). Estela romana monumental de Crecente, Lugo. *Larouco*. 2, 283-288.
- Schmoll, Ulrich (1959). *Die Sprachen der vorkeltischen Indogermanen Hispaniens und das Keltiberische*. Wiesbaden: Harrassowitz.
- Suárez Otero, José (2004). Iria, Padrón, Santiago, geografía mítica y realidade arqueológica. En: Vicente Almazán, coord. *Padrón, Iria y las tradiciones jacobeanas*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 245-272.
- Tranoy, Alain (1981). *La Galice romaine*. París: de Boccard.
- Verea Aguiar, José (1838). *Historia de Galicia. Primera parte*. Ferrol: Taxonera.
- Vicetto Pérez, Benito (1865). *Historia de Galicia I*. Ferrol: Taxonera.

- Wodtko, Dagmar, Irslinger, Britta e Schneider, Carolin (2008). *Nomina im indogermanischen Lexikon*. Heidelberg: Winter.
- Yzquierdo Perrín, Ramón (2014). El mecenazgo de don Juan de Sanclemente. Un cordobés arzobispo de Santiago. *Ucoarte. Revista de Teoría e Historia del Arte*. 3, 9-34.